

RESOLUCIÓN REITORAL DO 7 DE FEBREIRO DE 2006 PARA CONVOCAR UN CONCURSO-OPOSICIÓN PARA A CREACIÓN DUNHA LISTAXE DE ESPERA PARA A COBERTURA TEMPORAL DE PRAZAS DE TÉCNICO/A DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA NA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

A convocatoria ten por obxecto a creación dunha listaxe de espera para a cobertura temporal de prazas de técnico/a de normalización, grupo I de persoal laboral da Universidade da Coruña con destino no Servizo de Normalización Lingüística.

Requisitos das persoas aspirantes

Para a admisión dos/as aspirantes será necesario cumprir os seguintes requisitos xerais:

- 1) Ser español/a ou membro dun Estado da Unión Europea.
- 2) Ter cumpridos os 18 anos.
- 3) Non padecer enfermidade ou defecto físico que inhabiliten para o desempeño normal das correspondentes funcións.
- 4) Non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das administracións públicas por sentenza firme. As persoas aspirantes de nacionalidade non española deberán acreditar non estaren sometidas a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.
- 5) Non estar incurso/a en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na Lei 53/1994 de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.
- 6) Estar en posesión do título de licenciado/a universitario/a, enxeñeiro/a, arquitecto/a ou equivalente ou estar en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación das solicitudes.

Sistema selectivo

O procedemento de selección das persoas aspirantes será o concurso-oposición, coa valoración dos méritos, dos exercicios e das puntuacións que se especifican no anexo I.

Solicitudes

As persoas interesadas deberán presentar no Rexistro Xeral da Universidade (Paseo da Maestranza, 9. 15001 A Coruña; r/Doutor Vázquez Cabrera, s/n. 15403 Ferrol) a seguinte documentación:

- Solicitud, no modelo que se facilita no propio Rexistro e na páxina web da Universidade.
- Certificado de estudos que acredite estar en posesión do título de licenciado/a universitario/a, enxeñeiro/a, arquitecto/a ou equivalente ou estar en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación das solicitudes.
- Currículo, onde constarán as titulacións, os cursos, os traballos realizados e, en xeral, calquera circunstancia que poida ser considerada como mérito.

Os méritos e a experiencia no traballo que non se acrediten documentalmente non se terán en conta.

O prazo de presentación de solicitudes será de dez días naturais, que comezarán a contar a partir do seguinte ao da publicación desta resolución.

Calendario das probas

O lugar e a data do comezo dos exercicios publicarase na Resolución que aprobe as listaxes de persoas aspirantes admitidas e excluídas.

Tribunal cualificador

A Comisión de Selección estará formada polos seguintes membros:

Presidente: D. Luís Caparrós Esperante, vicerreitor de Extensión Universitaria e Comunicación

Vogais: D.^a Goretti Sanmartín Rei, directora do Servizo de Normalización Lingüística

D.^a Marisol Ríos Noia, técnica do Servizo de Normalización Lingüística

D. Alberto Núñez Cardezo, representante dos traballadores

D. Manuel Romero Beade, representante dos traballadores

Secretaria: D.^a Gloria Fernández González, xefa do Negociado de Retribucións (UDC)

Suplentes:

Presidente: D. Manuel Galdo Pérez, xerente da Universidade

Vogais: D. Manuel Núñez Singala, técnico de Normalización da Universidade de Santiago de Compostela

D.^a Isabel Vaquero Quintela, técnica de Normalización da Universidade de Santiago de Compostela

Secretaria: D.^a M^a José Prol Conde, secretaria do Decano da Fac.de Socioloxía (UDC)

A Coruña, 7 de febreiro de 2005

O reitor

Asdo.: José M^a Barja Pérez

ANEXO I PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN

I. Primeira fase. Oposición

Consistirá nunha proba con tres exercicios. Para superar esta fase en cada exercicio deberá lograrse a puntuación mínima esixida que figura na descrición das súas características.

Primeiro exercicio. Realización dun exercicio escrito dunha hora e media de duración que consistirá en contestar cinco preguntas sobre o seguinte temario:

1. A situación sociolingüística do idioma galego. I. Bilingüismo, diglosia, conflito lingüístico. Mantemento e substitución lingüística
2. A situación sociolingüística do idioma galego. II. Coñecementos usos e actitudes
3. A situación sociolingüística na Universidade da Coruña: coñecementos, usos e actitudes
4. Liñas xerais do proceso de normalización lingüística nos ámbitos educativo, institucional, socioeconómico e da comunicación
5. A lexislación lingüística: o marco europeo, estatal, galego e universitario
6. O *Plan xeral de normalización da lingua galega*. Os planos de normalización lingüística das universidades galegas
7. A normalización lingüística. A planificación do status e do corpus, da adquisición e do prestixio
8. Os servizos de normalización lingüística: definición, organización e funcións
9. Os planos de normalización lingüística: criterios de elaboración
10. A terminoloxía no ámbito galego. Principios básicos do traballo terminolóxico. Normalización lingüística, planificación lingüística e terminoloxía
11. A redacción. Técnicas de redacción
12. A linguaxe administrativa

Este exercicio será cualificado de 0 a 15 puntos e será necesario para aprobar obter a puntuación mínima de 7,5 puntos.

Segundo exercicio. Consistirá en realizar un exercicio práctico en que se deberá demostrar, a través dunha proba escrita de corrección, o coñecemento e o dominio da lingua galega.

O tempo de realización deste exercicio será de hora e media. A puntuación será de 0 a 10 puntos e será necesario para aprobar obter un mínimo de 5 puntos.

Terceiro exercicio. Consistirá en contestar a un suposto práctico sobre a organización dun servizo lingüístico nunha organización dada ou a elaboración dun plano de normalización para unha suposta institución.

O tempo de realización deste exercicio será de hora e media. A puntuación será de 0 a 10 puntos e será necesario para aprobar obter un mínimo de 5 puntos.

II Segunda fase. Valoración de méritos

Esta segunda fase será cualificada de 0 a 15 puntos repartidos como se especifica a continuación:

A. Experiencia debidamente acreditada no posto e no desenvolvemento das tarefas específicas (máximo 6 puntos):

A.1. Experiencia profesional na mesma categoría en universidades públicas: 0,25 puntos por mes traballado

A.2. Experiencia profesional na mesma categoría noutras administracións públicas: 0,15 puntos por mes traballado

A.3. Experiencia profesional na empresa privada: 0,10 puntos por mes traballado

A.4. Experiencia profesional noutras categorías nas universidades públicas: 0,10 puntos por mes traballado

B. Cursos recibidos (máximo 5 puntos):

B.1. Cursos específicos directamente relacionados coa praza (máximo 2,5 puntos):

B.1.1. De menos de 20 horas: 0,10 puntos por curso

B.1.2. De 20 a 39 horas: 0,20 punto por curso

B.1.3. De 40 horas a 99: 0,30 puntos por curso

B.1.4. De 100 horas ou máis: 0,40 puntos por curso

Non se consideran cursos específicos cursos académicos completos nin materias de que formen parte de titulacións oficiais.

B.2. Cursos de idiomas (máximo 1,25 punto): 0,05 puntos por hora de duración do curso

B.3. Cursos de informática (máximo 1,25 punto): 0,05 puntos por hora de duración do curso

Só se valorarán os cursos oficiais recibidos na EGAP, no INAP ou noutras centros oficiais de calquera administración pública, así como os homologados pola EGAP e os impartidos por organizacións sindicais dentro dos programas de formación continua.

De non figurar o número de horas, o curso puntuará polo mínimo de 10 horas.

C. Outros méritos (máximo 4 puntos):

C.1. Cursos impartidos (máximo 2 puntos):

C.1.1. Cursos de menos de 20 horas: 0,05 puntos por curso

C.1.2. Cursos de 20 a 39 horas: 0,10 puntos por curso

C.1.3. Cursos de 40 horas a 99: 0,20 punto por curso

C.1.4. Cursos de 100 horas ou máis: 0,30 punto por curso

Só se valorarán os cursos de carácter oficial debidamente acreditados.

C.2. Publicacións relacionadas directamente cos coñecementos esixidos (máximo 2 puntos)